




	Álvarez Lugrís		
	Alberto		
Categoría	Profesor Titular de Universidade	Área	Tradución e Interpretación
Teléfono	+34 986 812329	Email	alugris@uvigo.gal
Despacho	C 35	Caixa do correo	
Cargo	Secretario da Comisión académica do Programa de doutoramento en Tradución e Paratradución http://paratraduccion.com/doctorado/ Director de Viceversa. Revista galega de tradución http://revistas.webs.uvigo.es/index.php/viceversa/issue/view/175	Grupo de investigación¹	Grupo de Investigación Tradución & Paratradución (T&P) http://paratraduccion.com/doctorado/
   Web	Academia.edu: https://uvigo.academia.edu/alugris Orcid ID: https://orcid.org/my-orcid?orcid=0000-0002-9153-2859		
Liñas de TFM	Tradución, paratradución e identidade Tradución especializada: xurídico-administrativa, económico-comercial (inglés)		
Materias impartidas	– <i>Metodoloxía da investigación</i>		
Materias afíns²	– <i>Tradución inglés-galego</i> – <i>Antropoloxía das prácticas de tradución</i> – <i>Tradución audiovisual</i>		
CV resumido³	<p>Alberto Álvarez Lugrís é licenciado en Filoloxía anglo-xermánica pola Universidade de Santiago de Compostela (1992), onde tamén defendeu a súa Tese de Licenciatura sobre <i>Os falsos amigos da tradución do inglés ao galego</i> (1994); é ademais Doutor en Tradución e interpretación pola Universidade de Vigo (1999), na que desempeña labores docentes como profesor de tradución do inglés para o galego dende 1994.</p> <p>Como investigador ten publicados máis de 60 artigos e libros sobre teoría e a práctica da tradución, lingüística de corpus, docencia e didáctica da tradución, lexicoloxía e lexicografía ou o papel da tradución na creación de identidades;</p> <p>Os seus intereses de investigación céntranse principalmente en dous campos: o uso de corpus nos Estudos sobre tradución e a construción da identidade</p>		

¹ Grupo de investigación e enlace á web.

² Materias impartidas na Universidade de Vigo desde o inicio do contrato ou, no seu defecto, ámbitos de afinidade de materias que podería impartir, incluíndo as linguas de traballo.

³ No caso de que dispoña dun CV completo en liña, por favor, indique o enlace.

	<p>nacional a través das traducións.</p> <p>No ano 2003 publicou xunto con Anxo Fernández Ocampo a versión galega e multilingüe da Terminoloxía da tradución. (Terminologie de la Traduction – Translation Terminology – Terminologie des Übersetzungs – Terminología de la traducción), de Jean Delisle, Hannelore Lee-Jahnke e Monique C. Cormier. Pódese descargar de balde aquí.</p> <p>É director de Viceversa. Revista galega de tradución, publicada conxuntamente pola Universidade de Vigo e a Asociación de tradutores galegos, e membro do consello de redacción de Hermeneus, así como censor en temas relacionados coa tradución, a lingüística de corpus e a lingüística computacional para distintas revistas e editoriais internacionais (<i>DEA, Transitions-Journal of Franco-Iberian Studies, Linguamática, MONTI, John Benjamins</i>, etc.).</p> <p>É membro fundacional do Seminario de lingüística Informática da Universidade de Vigo (SLI) e colabora co Grupo de investigación en Tradución & Paratradución dende a súa creación sendo o actual Secretario do Programa de Doutoramento que leva o mesmo nome. No seu blog de investigación T&P analiza a tradución dende distintas perspectivas e emprega a paratradución como lente para observar criticamente a realidade.</p> <p>Tamén é coautor do Dicionario Moderno Inglés-Galego publicado por 2.0 Editora en 2012. Trátase da edición en formato papel do primeiro dicionario galego baseado exclusivamente en corpora. A autoría é de Xavier Gómez Guinovart (coordinador), Alberto Álvarez Lugrís e Eva Díaz Rodríguez. Os tres autores son membros do Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo, que desenvolveu nos últimos anos importantes ferramentas lingüísticas relacionadas co emprego, difusión e coñecemento do galego. Dende a web do SLI pódese acceder, entre outros, aos recursos electrónicos descritos polo miúdo na reseña que do Dicionario María Álvarez de la Granja publicou na revista Estudos de Lingüística Galega.</p> <p>Como tradutor literario destacan as súas traducións de Asasinato no Orient Express de Agatha Christie, Horario de clase de Christine Nöstlinger ou Mélani Miráculi de Renate Welsh.</p>
<p>Publicacións⁴</p>	<p>Alberto Álvarez Lugrís. Paratraducción de la identidad celta en el discurso público de las instituciones gallegas. Ferreiro Vázquez (ed.) <i>Traducir e interpretar lo público</i>. Frankfurt am Mein: Peter Lang, 1, pp. 11 - 26. 2016.</p> <p>Alberto Álvarez Lugrís; Ana Luna Alonso; María Reimóndez Meilán. <i>Unha voz, moitas voces. Xela Arias tradutora</i>. Vigo: Xerais, 2021.</p>

⁴ Publicacións máis relevantes dos últimos 5 anos.